

HISTORIA DA FILOSOFÍA

Avaliación dos exercicios: Análise, 4 puntos; 1ª cuestión, 3 puntos; 2ª cuestión, 3 puntos. (O alumno elixirá dúas cuestións das tres propostas).

OPCIÓN 1

“Non ofrece ningunha dúbida que todo o noso coñecemento comeza coa experiencia. En efecto, ¿qué podería espertar e poñer en acción a nosa facultade de coñecer se non f0ran os obxectos que feren os nosos sentidos e que por unha parte producen por si mesmos representacións e por outra poñen en movemento a nosa facultade intelectual a fin de que compare, enlace ou separe estas representacións e elabore así a materia bruta das impresións sensibles para obter dela un coñecemento dos obxectos chamado experiencia? Segundo o tempo, pois, ningún coñecemento precede en nosoutros á experiencia e con ela comezan todos os nosos coñecementos.

Pero si bien todo coñecemento comeza coa experiencia, isto non proba que se derive todo el da experiencia, pois podería ser que o noso coñecemento por experiencia fora un composto do que recibimos das impresións sensibles e do que a nosa propia facultade de coñecer (...) proporciona por si mesma ...”.

KANT, I., *Crítica da razón pura*, I.

1. Explicación e comprensión do presente texto.
2. Peza clave do sistema filosófico kantiano son os “**xuizos sintéticos a priori**”: explica o seu significado.
3. Significado de “**heteronomía**”, “**imperativo hipotético**” e “**imperativo categórico**”.
4. Os “**postulados da razón práctica**” fronte ós límites do coñecer humano sinalados por Kant na *Crítica da Razón Pura*.

OPCIÓN 2

“Polo menos, no que se refire ó seu nome, dáse un consentimento xeral: este ben é a felicidade. Tanto a masa como os selectos cren que vivir ben e ter éxito son sinónimos de vida feliz; pero acerca da natureza mesma da felicidade non hai intelixencia nin unanimidade entre os sabios e a multitude.

Uns cren que é un ben evidente e visible, como, por exemplo, o pracer, a riqueza, os honores; para outros é distinta a resposta a esta cuestión; e aínda a miúdo varía no mesmo individuo; por exemplo, cando está enfermo dá as súas preferencias á saúde; se é pobre, dáas á riqueza; os que teñen conciencia da súa ignorancia escoitan con admiración ós que falan ben sobre as súas pretensións; algúns, polo contrario, cren que, por encima de todos estes bens, hai outro que existe por si mesmo e que é a causa de todos os demais”.

ARISTÓTELES, *Ética a Nicómaco*, I, 4.

1. Explicación e comprensión do presente texto.
2. Explicación do cambio: potencia-acto, materia-forma.
3. ¿Cuál é a orixe da sociedade e qué tipos de sociedades distingue Aristóteles?.
4. Se a felicidade consiste na actividade do alma conforme á virtude, sinala as virtudes humanas, segundo Aristóteles.

HISTORIA DA FILOSOFÍA

Avaliación dos exercicios: análise, 4 puntos; 1ª cuestión, 3 puntos; 2ª cuestión, 3 puntos. (O alumno elixirá dúas cuestións das tres propostas).

OPCIÓN 1

“De todo o que é posible concibir neste mundo, e incluso fóra del, nada hai que poida considerarse como absolutamente bo, sen restricción, excepto unha soa cousa: unha **boa vontade**. A intelixencia ..., os demais talentos do espírito ..., o valor ..., a decisión ... poden volverse malos e perigosos se a vontade ... non é boa vontade.

A boa vontade é o que é non polas súas producións e os seus éxitos; tampouco pola súa facilidade para chegar a unha fin proposta, senón só polo querer; é dicir, que é boa en si e que, considerada en si mesma, debe indubidablemente ser estimada moi superior a todo o que podería facer a favor dalgunha inclinación ou incluso do total das inclinacións”.

KANT, I., *Fundamentación da Metafísica dos costumes*, I.

1. Explicación e comprensión do presente texto.
2. ¿Cal é a diferenza entre unha **ética material** e unha **ética formal**? ¿Cal propón Kant?
3. ¿Por que non é posible para Kant a Metafísica como ciencia?
4. Explica as **formas a priori** da sensibilidade e as diferenzas existentes entre **fenómeno** e **noúmeno**. ¿Podemos coñecer-los noúmenos?

OPCIÓN 2

“Advirto, en primeiro lugar, que hai unha grande diferenza entre a alma e o corpo no feito de que o corpo sexa sempre divisible por natureza e a alma indivisible; xa que cando a considero a ela ou a min mesmo en tanto que son unha cousa que pensa, non podo distinguir en min ningunha parte, senón que vexo que son unha cousa unha e íntegra; e aínda que a alma pareza estar unida a todo o corpo, ó cortar un pé ou un brazo ..., coñezo sen embargo que nada se lle quitou á alma, e tampouco se pode dicir que as facultades de querer, de sentir, de comprender, etc., sexan partes dela, porque é unha e a mesma alma que quere, que sente, que comprende. Ó contrario, non podo pensar ningunha cousa corpórea ou extensa que non poida dividir facilmente en partes co pensamento...”.

DESCARTES, *Meditacións metafísicas*, Medit. VI.

1. Explicación e comprensión do presente texto.
2. ¿Por que formula Descartes o “problema do método”? ¿Cal é o seu punto de partida? Enumera e explica as catro **regras** que ha de cumprir o método cartesiano.
3. ¿Por que se empeña Descartes en demostrar a **existencia de Deus**, “substancia infinita, eterna, independente, omnisciente, omnipotente”? ¿Explica os seus argumentos?
4. Fronte á **substancia infinita** e a **substancia pensante**, ¿como describe a **substancia extensa**?

CONVOCATORIAS DE XUÑO E SETEMBRO

1. Con carácter xeral:

Os que figuran no Dexeño Curricular Base da materia. É necesario destacar, en especial, os seguintes:

- a) Analisa-lo contido dun texto filosófico, identificando os problemas, os conceptos e os termos específicos que aparecen, facendo explícita a súa estrutura expositiva (teses, argumentos, e conclusións).
- b) Interpretar un texto filosófico sinalando, por un lado, a relación entre o problema que formula o autor e o contexto teórico e social da época e, por outro, diferenciando as propostas que contén doutras posibles posicións sobre o mesmo tema.
- c) Ordenar e situar cronolóxicamente as diversas interpretacións filosóficas estudadas, relacionándoas unhas coas outras, sinalando as súas similitudes e diferencias e recoñecendo a permanencia e a historicidade das propostas filosóficas.

2. Con carácter específico:

- a) O alumno, mediante a análise, fará explícita a estrutura do Texto, indicando a **idea principal ou tese**, os argumentos que a sustentan e as súas conclusións. Sinalará igualmente as **ideas secundarias**, indicará os **conceptos e termos** que os denominan co seu significado no texto e histórico e contextualizará o fragmento dentro da obra do autor.
- b) A resposta a cada unha das cuestións adecuarase ó os contidos do bloque a que se refira.
- c) Valorarase a precisión e claridade da exposición, así como todo o que poida contribuir a mostrar contidos de **tipo actitudinal e procedemental**.

3. Puntuación: (ata un máximo de 10 puntos)

Análise de texto	4 puntos.
1ª cuestión	3 puntos
2ª cuestión	3 puntos